



## RESUMO DOS CAMBIOS INCORPORADOS AO TEXTO DO ACORDO DESPOIS DAS 2as ALEGACIÓNS DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CCOO, CIG, CSIF, SEPGA E UGT

CAMBIOS INCORPORADOS AO TEXTO	PÁXINA DO DOCUMENTO
Forma de redactar as funcións en infinitivo	3-4 5-6
Especificar que os postos de coordinación están na clase de FISP	7
Introducir as medidas de flexibilidade	9
Xustificación de poder xuntar zonas no caso das gardas localizadas	10
Servizos extraordinarios (con instrucción da DXSP)	10
Redacción similar a veterinarios nos complementos específicos e de produtividade	12
Revisión mobilidade persoal farmacéutico – Máximo 25 días fora da zona (igual IVSP)	12
Novo apartado de Efectos económicos (data da sinatura)	13
Novo apartado Modificación da RPT	13
Modificación do acordo si varían as condicións dos veterinarios de saúde pública	14

Color **vermello**: Cambios no borrador de acordo tras as **primeiras alegacións** dos sindicatos

Color **verde**: Cambios no borrador de acordo tras as **segundas alegacións** dos sindicatos



BORRADOR



## PROPOSTA DE ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS ..... SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORDENACIÓN E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS FARMACÉUTICOS OFICIAIS DA CLASE DE FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA (FISP)

### I. PREÁMBULO

A Lei 4/1988, do 26 de maio, *da función pública de Galicia*, dispón a creación dos corpos da Administración especial, entre os que se encadran os que corresponden ao persoal sanitario.

A Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación das escalas de persoal sanitario ao servizo da comunidade autónoma, establece no seu art. 2 a creación da escala de saúde pública e Administración sanitaria.

O Decreto 303/1990, do 31 de maio, de desenvolvemento da citada lei, integra na da escala de saúde pública e Administración sanitaria, a clase de farmacéuticos titulares.

O Decreto 202/2005, do 7 de xullo, polo que se crea a clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, ten por obxecto, ademais da creación da citada clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, **fixar as bases para a reestruturación dos farmacéuticos titulares** así como as condicións que rexerán o proceso de integración dos farmacéuticos titulares nesta clase. Establece así mesmo o seu ámbito territorial de actuación, a delimitación de funcións e o réxime xurídico, retributivo e de incompatibilidades. **Así mesmo neste decreto indícase que a xornada de traballo poderá desenvolverse en horario de mañá e/ou tarde.**

**No que se refire ás retribucións, o devandito decreto indica que o persoal que desempeñe estes postos de traballo percibirá as mesmas retribucións que lle correspondan aos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo neste momento funcionarios grupo A1 nivel 20.**

Pola súa banda a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, confire á clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública, a condición de autoridade sanitaria, aumentando desta forma a súa responsabilidade no de-



sempreño das súas funcións. **Ata ese momento eran considerados axentes da autoridade segundo se indica no Decreto 202/2005, do 7 de xullo.**

Na actualidade e mediante a Resolución do 16 de setembro de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de setembro de 2016 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, **o nivel de complemento de destino dos farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública establécese no nivel 22, tras adecualo debido ao incremento de actividade respecto do número de establecementos que son obxecto de inspección, a dispoñibilidade dentro da súa xornada de traballo así como os seus niveis de responsabilidades.**

### **A) CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO**

O persoal farmacéutico inspector de saúde pública desenvolve actualmente actuacións en materia de control oficial que inclúen vixilancia da saúde ambiental en Galicia, sendo a súa finalidade prever a aparición de riscos relativos á saúde ambiental que podan poñer en perigo a saúde da poboación.

O desenvolvemento destas actuacións implica a preparación e realización de inspeccións, auditorías, tomas de mostras e outros controis que se reflicten nas correspondentes actas de inspección. Correspóndelles ademais a elaboración de informes e o arquivo de toda a documentación xerada no cumprimento das súas funcións.

En consonancia coa súa condición de autoridade sanitaria, no caso de que sexa necesario, deben formular propostas de sanción, adoptar as medidas cautelares temporais necesarias e proporcionadas durante a visita de control oficial, tales como a inmovilización de produtos, a suspensión temporal de actividades ou outras, que se estimen necesarias e proporcionadas, a fin de evitar prexuízos para a saúde en casos de urxencia inaprazable por existencia dun risco grave e inminente para a saúde.

### **B) FUNCIÓNS ACTUAIS DOS FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SAÚDE PÚBLICA**

**Segundo se recolle no artigo 6 do Decreto 202/2005, do 7 de xullo, as funcións dos FISP, no ámbito das súas competencias serán:**



1. Vixiar e verificar o cumprimento da lexislación en materia de sanidade ambiental.
2. Vixiar e verificar o cumprimento da lexislación en materia de sanidade escolar.
3. Vixiar e verificar o cumprimento da lexislación en materia de policía sanitaria mortuoria.
4. Vixiar e verificar o cumprimento da lexislación en materia de hixiene alimentaria no ámbito competencial da Consellería de Sanidade.
5. Levar a cabo información e educación sanitaria.
6. Participar na administración, coordinación e execución de programas de saúde xestionados pola dirección xeral competente en materia de saúde pública, xunto co resto dos profesionais de saúde pública ou doutros organismos.
7. Asesorar e emitir os informes solicitados polas autoridades sanitarias competentes.
8. Actuar sobre determinados alimentos, bens ou servizos.
9. Cumprimentar os sistemas de información dos programas de saúde xestionados pola dirección xeral competente en materia de saúde pública.
10. Xestionar a información dentro do ámbito correspondente.
11. Participar na investigación de abrochos epidémicos, xunto co resto de profesionais de saúde pública ou doutros organismos.

Actualmente, os FISP levan a cabo actividades de vixilancia e control oficial dos seguintes programas de sanidade ambiental:

- **Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano.** Obxectivo: diminuír o risco de morbilidade asociado ao consumo de auga.
- **Programa de vixilancia sanitaria de establecementos, servizos e produtos biocidas.** Obxectivo: protexer a saúde da poboación minimizando os riscos de contraer enfermidades pola



fabricación, comercialización, manipulación e/ou aplicación de biocidas na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Programa de vixilancia sanitaria de produtos químicos.** Obxectivo: protexer a saúde da poboación minimizando os riscos de contraer enfermidades pola fabricación, comercialización ou manipulación dos produtos químicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- **Programa de vixilancia sanitaria da lexielose de Galicia.** Obxectivo: diminuír o risco de propagación da lexielose, minimizando a probabilidade de exposición da poboación mediante a vixilancia e o control ambiental das instalacións de risco en Galicia
- **Programa de vixilancia sanitaria das piscinas.** Obxectivo: reducir a niveis razoablemente posibles e aceptables o risco de contraer enfermidades para as persoas usuarias das piscinas.
- **Programa de vixilancia de zonas de baño de Galicia.** Obxectivo: minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.
- **Programa de vixilancia sanitaria de centros de bronceado de Galicia.** Obxectivo: protexer a saúde dos usuarios e minimizar os riscos de enfermidades asociadas á exposición das radiacións ultravioletas nos centros de bronceado.
- **Programa de vixilancia sanitaria dos establecementos de tatuaxe, micropigmentación e piercing de Galicia.** Obxectivo: minimizar os riscos de transmisión de enfermidades que poidan estar asociadas ás actividades que se desenvolven nos establecementos que realizan prácticas de TMP.
- **Programa de vixilancia sanitaria de sanidade mortuoria.** Obxectivo: diminuír o risco de morbilidade asociada as prácticas de sanidade mortuoria.

### **C) NOVAS ACTIVIDADES ASIGNADAS AOS SERVICIOS DE INSPECCIÓN FARMACÉUTICA DE SAÚDE PÚBLICA**



A recente crise sanitaria provocada pola COVID-19 recordou a importancia de dispoñer dunhas estruturas de saúde pública ben dimensionadas e preparadas para afrontar os retos de saúde que ameazan ás poboacións. A saúde pública debe estar preparada ante as eventuais emerxencias que **poidan** aparecer nun futuro.

Neste contexto os problemas de saúde asociados a condicionantes ambientais son cada vez maiores, polo que debemos actuar de maneira urxente fronte aos retos ambientais que inciden na saúde dos cidadáns, **como son os** impactos do cambio climático, da exposición a produtos químicos que poden comportar trastornos endócrinos ou risco de cancro, ou da alteración da calidade da auga ameazada por contaminantes emerxentes (praguicidas, micro plásticos, PFAS e alteradores endócrinos (bisfenoles, dioxinas, ftalatos, ...).

Co fin de acadar un mellor servizo e protección da saúde da cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, faise necesario abordar un proceso de mellora que permita optimizar as prestacións técnicas e profesionais do persoal farmacéutico inspector de saúde pública en relación coa xestión destes novos riscos ambientais para a saúde.

A evolución experimentada nos últimos anos nas actuacións de vixilancia de saúde ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia, cun incremento notable no desenvolvemento de novos plans e programas, así como a participación en proxectos europeos e a especialización tecnolóxica do persoal, fan necesaria un incremento de tarefas tales como:

- 1. Dentro da función de **vixiar e verificar** o cumprimento da lexislación en materia de sanidade ambiental (artigo 6.1. do Decreto 202/2005, do 7 de xullo):**
  - o **Actuacións dentro do novo Programa de vixilancia sanitaria de produtos cosméticos e hixiene corporal** cuxo obxectivo é o de protexer a saúde dos usuarios e minimizar os riscos de enfermidades asociadas ao uso dos produtos cosméticos e produtos de hixiene persoal na Comunidade Autónoma de Galicia.
  - o **Actuacións dentro do novo Programa de vixilancia sanitaria dos espazos termais de Galicia**, cuxo obxectivo é o





de protexer a saúde dos usuarios e minimizar os riscos de enfermidades asociadas ao uso dos espazos termais.

**2. Dentro da función de vixiar e verificar o cumprimento da lexislación en materia de hixiene alimentaria no ámbito competencial da Consellería de Sanidade (artigo 6.4. do Decreto 202/2005, do 7 de xullo):**

- o **Colaboración coa inspección veterinaria de saúde pública na vixilancia e control do Programa 16. Menús escolares, máquinas expendedoras e cafeterías dos centros escolares** do Plan Nacional de Control da Cadea Alimentaria dentro do obxectivo estratéxico 2.4. Promover unha alimentación saudable e sustentable, mediante o impulso da calidade nutricional e o control da mesma, nos menús escolares e nos alimentos e bebidas de máquinas expendedoras e cafeterías.

**3. Dentro da función de participar na administración, coordinar e executar os programas de saúde xestionados pola dirección xeral competente en materia de saúde pública, xunto co resto dos profesionais de saúde pública ou doutros organismos (artigo 6.6. do Decreto 202/2005, do 7 de xullo):**

- o Colaboración en **actividades doutros departamentos da Dirección Xeral de Saúde Pública como, por exemplo, os programas da vixilancia e control sanitario da normativa referente a prevención de adiccions**, e dentro desta as relacionadas con determinadas accións a desenvolver do **Plan Inspira Saúde**.

**D) CREACIÓN DOS POSTOS DE COORDINACIÓN DE PROGRAMAS DE SAÚDE AMBIENTAL**

No ámbito da sanidade ambiental son necesarios postos con funcións técnicas e xestoras dos programas de vixilancia que dean apoio ao traballo de campo do persoal inspector e ás labores de coordinación e programación dos Servizos de Control de Riscos Ambientais das Xefaturas Territoriais e da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Dado que no momento actual, non existen na RPT da Consellería de Sanidade prazas de estas características, propónse a creación do posto de Co-





ordinación de Programas de Saúde Ambiental, dentro da clase de farmacéutico inspector de saúde pública.

O obxectivo é reforzar a xestión e execución dos programas de vixilancia de sanidade ambiental, así como doutras actividades que se leven a cabo en sanidade ambiental no seu ámbito territorial e principalmente no relacionado con:

- a) Coordinar técnica e organizativamente a actividade inspectora en materia de sanidade ambiental.
- b) Programar, realizar o seguimento, supervisar e avaliar as actividades de control oficial.
- c) Apoiar a execución das actividades de control oficial programadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública.
- d) Apoiar a execución das actividades de control oficial non programadas e sobrevidas por situacións de risco para a saúde, tales como denuncias, abrochos, casos illados, etc. Así mesmo, coordinarase e apoiarase a execución, en caso necesario, das alertas no marco do Sistema de Información Rápida de Produtos Químicos e alertas sobre riscos relacionados cos produtos cosméticos.
- e) Xestionar os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades de control oficial.
- f) Coordinar a implantación da política de calidade establecida pola Dirección Xeral de Saúde Pública para os servizos de inspección de saúde pública.
- g) Colaborar na xestión e no mantemento dos sistemas de información de control oficial no seu ámbito (SINAC, NAYADE, SILOE, HERME, etc.).
- h) Identificar as necesidades de formación dos farmacéuticos inspectores de saúde pública.

Por todo o anterior e debido ás particularidades dos postos de inspección, o carácter de autoridade sanitaria, o aumento do ámbito competencial, o



establecemento de postos de coordinación técnica e a a posibilidade de establecer quendas de tarde, así como gardas localizadas de fin de semana e festivos, xustifican a necesidade, en garantía da saúde pública, da modificación das condicións **especiais** de traballo (relativas as xornadas, os horarios, a mobilidade xeográfica, ao complemento de destino e ao complemento específico), da clase de farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública polo que se realiza o seguinte:

## II. ACORDO

### **PRIMEIRO. Ámbito de aplicación**

O presente acordo será de aplicación ao persoal que ocupe postos de traballo de farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública nos servizos periféricos ou centrais da Consellería de Sanidade reservados á escala de persoal sanitario ao servizo de Comunidade Autónoma de Galicia, clase de farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública.

### **SEGUNDO. Revisión do complemento de destino**

As novas tarefas e responsabilidades (carácter de autoridade sanitaria, o aumento do ámbito competencial, etc), derivadas de aspectos organizativos e funcionais, serán obxecto de valoración retributiva e serán incluídas nas correspondentes relacións de postos de traballo da Consellería de Sanidade.

- Reclasificación dos niveis de complemento de destino do nivel 22 ao 24 para todos aqueles postos de farmacéuticos/as inspectores de saúde pública que desenvolvan tarefas de inspección. Esta modificación afectaría a 81 postos.
- Reclasificación dos niveis de complemento de destino do nivel 22 ao 25 para todos aqueles postos de farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública que desenvolvan tarefas de Coordinador/a de Programas de Saúde Ambiental. Esta modificación afectaría a 5 postos, un en cada Xefatura Territorial e un na Dirección Xeral de Saúde Pública, adscrito a Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.

### **TERCEIRO. Horarios de traballo**



3.1) Segundo o artigo 5.2 do Decreto 202/2005, do 7 de xullo, a xornada de traballo do persoal no ámbito de aplicación deste acordo será a establecida con carácter xeral para o persoal funcionario da Xunta de Galicia (trinta e sete horas e trinta minutos semanais), sen prexuízo da exixida por razóns de necesidade ou de urxencia en situacións que demanden unha actuación administrativa inmediata.

Neste mesmo artigo indícase, que a xornada de traballo poderá desenvolverse en horario de mañá e/ou tarde.

Para os efectos do cumprimento do horario de traballo, computarase o tempo empregado nos desprazamentos desde o centro de destino ata o lugar de desenvolvemento do traballo efectivo e viceversa.

3.2) O persoal dos servizos farmacéuticos de inspección de saúde pública realizará un horario entre as 7:45 e as 20:45 horas, de luns a venres, mediante o establecemento de quendas obrigatorias con rotación. **Establécese con carácter xeral o horario seguinte, sen menoscabo da posible adaptación do mesmo en función das medidas de flexibilidade existentes cos límites establecidos pola normativa de referencia:**

- Quenda de mañá: de 7:45 h a 15.15 h.
- Quenda de tarde: de 13.15 h a 20:45 h.

A quenda de tarde non poderá exceder de 10 tardes ao bimestre por inspector/a.

A organización das quendas de tarde as realizará a xefatura de servizo correspondente, ou persoa na que delegue, **adecuando os efectivos as necesidades da zona, ou de ser o caso da provincia, xuntando zonas se fose necesario e de forma debidamente motivada.**

3.3) Durante os fins de semana e festivos, o horario do persoal inspector quedará determinado pola prestación de servizos de **garda** localizada, e de ser necesario de presenza física.

A garda localizada será efectuada necesariamente desde as 7:45 h ata as 20:45 h do sábado e do domingo, e, de ser o caso, do correspondente festivo, cos medios materiais necesarios, achegados pola Consellería de Sanidade.

As gardas localizadas non excederán de 6 ao ano por inspector/a.



3.4) Durante os festivos coincidentes no período de luns a venres, a prestación de servizos farase segundo a modalidade de **garda** localizada, en horario de 7:45 h a 20:45 h da seguinte forma:

-De coincidir un único festivo no período semanal, a prestación de servizos correrá a cargo das persoas que teñan asignadas os servizos da seguinte fin de semana.

-De coincidir máis dun festivo na mesma semana, faranse cargo dos servizos no primeiro festivo o persoal FISP que tivera asignado o servizo da fin de semana anterior e do segundo o persoal FISP que tiveran asignados os servizos da fin de semana seguinte.

-Non obstante, a distribución dos festivos coincidentes no período de luns a venres realizarase de forma rotatoria entre o persoal para conseguir un reparto igualitario e equitativo.

3.5) No desempeño das súas funcións, cando as persoas traballadoras deban trasladarse, a efectos do cómputo de xornada terase en conta tanto o tempo efectivo de traballo na zona de destino como o tempo do desprazamento realizado (ida e retorno).

3.6) Ocasionalmente e por circunstancias excepcionais, poderán ser establecidos mediante instrución ao efecto, pola Dirección Xeral de Saúde Pública, servizos extraordinarios, co sistema de compensación retributiva e demais condicións que se recollen no presente acordo.

3.7) Corresponderalles aos Coordinadores/as dos Programas de Saúde Ambiental da provincia a xestión e control do cumprimento dos horarios, quendas e servizos de fin de semana e festivos, sen prexuízo das atribucións xenéricas que lle corresponden aos/ás xefes/as territoriais da Consellería de Sanidade.

#### **CUARTO. Funcións durante a fin de semana e festivos**

4.1) Son funcións a realizar polo persoal obxecto do presente acordo, durante as fins de semana e festivos, cando sexa necesaria a presenza física e dentro do seu ámbito territorial de actuación:

Inspección, vixilancia e /ou toma de mostras no ámbito da saúde ambiental de actividades non programadas que requiran un especial



seguimento (alertas, catástrofes, accidentes ou calquera outro episodio excepcional).

Investigación, detección e control de factores de risco dos casos illados/ abrochos das enfermidades de orixe ambiental, tanto os que se orixinen nese período como os que se iniciasen con anterioridade e requiran dun seguimento especial.

4.2) En caso necesario, os/as Coordinadores/as de Programas de Saúde Ambiental, ademais das funcións anteriores deberán coordinar e apoiar aos farmacéuticos/as inspectores/as de saúde pública.

4.3) No caso do persoal inspector, o ámbito de actuación é a zona á que estivesen adscritos os FISP. En caso necesario, e debidamente xustificado, a xefatura provincial correspondente podería aumentar este ámbito de zona ao ámbito provincial debido á carencia ou escaseza de efectivos.

#### **QUINTO. Compensacións polo réxime especial de prestación de servizos que excedan a xornada ordinaria**

5.1) O persoal da clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública asignados á Consellería de Sanidade, percibirá un complemento específico especial e equivalente ao aprobado no Acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da xunta de Galicia.

5.2) As condicións especiais de traballo, a dispoñibilidade para a realización efectiva de actuacións que excedan da xornada ordinaria e a participación en quendas de localización considérase unha condición inherente ao desempeño das funcións dos postos de traballo do persoal farmacéutico inspector de saúde pública que se retribuirá de forma estable e continuada a través do complemento específico (CE). A tal fin, establécense os seguintes complementos específicos diferenciados que deben igualarse aos dos postos homólogos dos servizos veterinarios de inspección de saúde pública.

Farmacéutico Inspector de Saúde Pública: CE de 1.022,96 €/mes (equiparable ao CE dos IVSP comarca na actualidade).

Coordinadores/as de Programas de Saúde Ambiental: CE de 1.244,57 €/mes (equiparable ao co complemento específico (CE) dos servizos



veterinarios de inspección do Director Técnico Sanitario de Industrias).

5.3) A realización de actuacións efectivas que excedan a xornada ordinaria, darán dereito á percepción dun complemento de produtividade cuxo importe calcularase en relación directa coas horas ou fraccións de hora efectivamente empregadas, computando como o tempo necesario por cada actuación efectiva o empregado polo/a funcionario/a tomando como punto de inicio e final da actuación a localización da zona onde estea destinado. Fíxase un valor de **24,74 euros/hora** establecendo un mínimo de 3 horas por saída en sábados, domingos e festivos.

A expresión “actuacións efectivas que excedan a xornada ordinaria” entenderase como traballos autorizados motivadamente e realizados mais aló do establecido con carácter xeral no punto 3.1 do presente Acordo.

## **SEXTO. Mobilidade do persoal farmacéutico inspector de saúde pública**

Co fin de acadar unha maior racionalización na distribución dos recursos de persoal asignado a cada zona farmacéutica poderase, **de xeito motivado**, determinar a mobilidade dos farmacéuticos inspectores de Saúde Pública dentro da súa provincia nos seguintes supostos:

6.1) Necesidade de aumentar a dotación de persoal farmacéutico inspector de Saúde Pública dunha zona determinada polo incremento temporal da súa carga de traballo.

6.2) Necesidade de aumentar a dotación de persoal farmacéutico inspector de Saúde Pública nos casos de investigación e seguimento de alertas epidemiolóxicas que se produzan na zona farmacéutica.

A mobilidade dos efectivos en ningún caso será permanente e terá unha duración **máxima de 25 días hábiles** ó ano, cumprido de xeito fraccionado ou continuado.

Para os efectos do cumprimento do horario, computarase como traballo efectivo a partir da saída da base da zona á que estivera asignado o persoal (e na que se atopan os medios como o vehículo oficial). Así mesmo, para os efectos do desprazamento tomarase como punto de partida onde se atopen establecidas as zonas.





## **SÉTIMO.- Inclusión da formación específica “954: Permiso de conducir B (R.I.)” na relación de postos de traballo**

Tendo en conta que o vehículo é unha ferramenta máis que permite a realización das funcións encomendadas e que a administración sanitaria pon a disposición do persoal farmacéutico inspector de saúde pública vehículos oficiais, deberá engadirse a relación de postos de traballo a formación específica do “954: Permiso de conducir B (R.I.)” .

Esta formación específica “954: Permiso de conducir B (R.I.)”, só será obrigatoria para o persoal que tome posesión dos postos a partir da súa modificación, polo que as persoas que actualmente os desempeñan e que non o posúan, seguirán desenvolvendo as súas funcións como ata o de agora, sen que esa circunstancia afecte á ocupación dos mesmos.”

## **OITAVO.- Efectos económicos**

As modificacións retributivas derivadas do presente acordo terán efectos económicos dende a data da súa sinatura.

Anualmente actualizaranse as contías dos complementos na porcentaxe que se estableza para o conxunto dos empregados públicos na Lei de orzamentos.

## **NOVENO.- Modificación da relación de postos de traballo (RPT)**

A Administración reclasificará os postos de traballo, coas características descritas no punto segundo, que por aplicación deste acordo varíen o complemento de destino, modificando a RPT da Consellería de Sanidade nun prazo máximo de tres meses á partir da sinatura do presente acordo.

## **DÉCIMO.- Comisión de seguimento**

Créase unha comisión de **interpretación, vixilancia e seguimento** do disposto neste acordo, que estará integrada por un representante de cada unha das organizacións sindicais asinantes e un igual número de representantes da Consellería de Sanidade e da Consellería de Facenda, designados polas respectivas secretarías xerais técnicas. Estará presidida pola persoa titular da dirección xeral da Función Pública ou persoa empregada pública en quen delegue.





As súas funcións son as de vixilancia, interpretación e control do contido do presente acordo.

Constituirase no prazo de tres meses da sinatura do presente acordo e reunirse de forma ordinaria unha vez cada ano natural, e a solicitude dunha das partes cando así o requiran.

### **UNDÉCIMO.- Vixencia e denuncia**

O presente acordo terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Toda modificación na táboa salarial e nas condicións definidas no presente acordo que mellore a futuro as mesmas no ámbito da inspección de Saúde Pública, sexa do corpo do persoal inspector veterinario de saúde pública como do corpo do persoal farmacéutico inspector de saúde pública, aplicárase de xeito equivalente a ambos corpos, dando lugar a unha modificación do presente acordo.

Non obstante este acordo continuará en vigor ata a sinatura dun novo que o substitúa ou modifique, previa comunicación da denuncia cunha antelación de dous meses a data de remate por parte dalgunha das partes.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan sen efectos tódolos pactos ou acordos anteriores que versen sobre as mesmas materias.